



CONCELLO DE VIGO
Benestar Social

DATA 01/08/2013

REFERENCIA

Expte. 87452 /301

ASUNTO

SOLICITAN A CONCESION DUNHA RENDA BASICA DE
CANDO MENOS 863 EUROS PARA PODER VIVIR
DIGNAMENTE

CONCELLO DE VIGO
REXISTRO DE SAÍDA
Nº 17255
Data 01/08/2013

DESTINATARIO/A

Ru Baiona, 9 Baixo,
C.P. 36209
VIGO

Achegase resolución ditada pola concellería de Política de Benestar de data 22 de xullo de 2013, en relación á solicitude de concesión dunha renda básica social. Contra a mesma poderá interpoñer os recursos que na mesma se indican.

En aplicación do establecido na L.O. 4/2001, do 12 de novembro, deuse traslado da súa petición á Xunta de Galicia.

A concelleira-delegada da área de Política de Benestar

Isaura Abelairas Rodríguez



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
Expediente 87452/301

Data impresión: 01/08/2013 12:55 Página 1 de 1

Código de verificación: 28E23-D352C-DA3AC-BA3BD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Asunto: Exercicio do dereito de petición
(solicitud dunha renda social de 863 € persoa/mes).
Expediente nº: 87253/301.

RESOLUCIÓN DAS PETICIÓNÓS Ó CONCELLO DE VIGO DE CONCESIÓN DUNHA RENDA BÁSICA SOCIAL DE 863 € PERSOA/MES

I. ANTECEDENTES

No Rexistro xeral do Concello de Vigo recibíronse en data 27.06.2013 un total de 92 escritos de petición de contido idéntico, solicitando desta Admón. a concesión dunha renda que cubrise as necesidades básicas das distintas persoas interesadas e que elas mesmas cifran na cantidade de 863 € por persoa e mes.

II. NORMATIVA APPLICABLE

- Declaración Universal de Dereitos humanos, 10 de decembro de 1948.
- PIDESC (Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, 16 de decembro de 1966).
- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LOTC (LO.2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional).
- LO.4/2001, do 12 de novembro, reguladora do Dereito de petición.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- L.9/1991, do 2 de outubro, de Galicia, de medidas básicas para a inserción social.
- D.374/1991, do 24 de outubro, da Consellería de Traballo e Servizos sociais, que desenvolve a L.9/1991, no relativo á Renda de Integración Social.
- D.375/1991, do 24 de outubro, da Consellería de Traballo e Servizos sociais, que desenvolve a L.9/1991, no relativo ás situacións de emergencia social.
- Proxecto de lei de inclusión social de Galicia (en tramitación; BOPG nº 106, 22.05.2013).

III. VALORACIÓN

III.1. Sobre o alcance, contido e resolución do dereito de petición:

O dereito fundamental de petición está consagrado constitucionalmente no Art. 29 da CE/1978 e a súa regulamentación foi desenvolvida pola LO.4/2001, do 12 de novembro. De acordo con esta, toda persoa, natural ou xurídica, poderá exercer o dereito de petición, de forma individual ou colectiva, nos termos e cos efectos establecidos nela, sen que do seu exercicio poida derivarse prexuízo ningún para o peticionario (STC 242/1993), a non ser que –con ocasión del- incorrese en delito ou falta.

Este dereito, de contido prestacional e desenvolvemento legal (STS 18.03.1991), constitúe unha manifestación das liberdades de opinión e de expresión e do dereito de participación nos asuntos públicos. Poderá exercerse perante calquera institución pública, administración ou autoridade, así como os órganos de dirección e administración dos organismos e entidades vencellados ou dependentes das Admóns. públicas, **a respecto das materias da súa competencia**, calquera que sexa o ámbito territorial ou funcional désta.

As peticóns poderán versar sobre **calquera asunto ou materia comprendido no ámbito competencial do destinatario**, con independencia de que afecten exclusivamente ó peticionario ou sexan de interese colectivo ou xeral.

Con todo, o dereito de petición non incorpora unha esixencia vinculante para o destinatario nin inclúe o de obter unha resposta favorable ó solicitado (STS 31.10.1983; STC 161/1988; STC 242/1993; ATC 749/1985).

O prazo máximo para resolver as peticóns admitidas a trámite e notificar a correspondente resolución será de 3 meses desde a data da súa presentación (Art. 11.1 LO.4/2001). Se, pola contra, a petición fose inadmitida, a declaración de inadmisibilidade deberá acordarse e notificarse ó peticionario nos 45 días hábiles seguintes ó da presentación do escrito de petición (Art. 9 LO.4/2001).

III.2. Sobre as axudas de carácter social que dispensa o Concello de Vigo a persoas, familias e colectivos en situación de necesidade:

O Concello de Vigo non conta nin coas atribucións legais nin cos medios materiais e financeiros precisos para conceder outras axudas que non sexan de carácter extraordinario e temporal.

É o caso, por exemplo, das “*Prestacións individuais municipais non periódicas de emergencia social para o ano 2013*” (XGL do 28.12.2012) ou o programa de “*Axudas a Familias*” que está a xestionar o servizo municipal de Participación cidadá (Bases: BOP nº 128, do 05.07.2013); prestacións e axudas non periódicas dirixidas a persoas, familias e colectivos que carecen de medios suficientes para afrontar as súas necesidades básicas de alimentación, aloxamento provisional, transporte, etc. e que, pola súa propia natureza, teñen carácter extraordinario e temporal, non sendo invocables como precedente.

A maiores, os servizos sociais municipais da Área de Política de Benestar interveñen (exclusivamente na primeira fase de recepción e informe) na tramitación das solicitudes de “Axudas de Emerxencia Social” (AES), axudas de carácter finalista e de pagamento único que resolve a Admón. autonómica (Consellería de Traballo e Benestar) e coas que se pretende paliar as continxencias puntuais concretas de carácter extraordinario nas que se poidan ver inmersas persoas afectadas por unha situación de necesidade, beneficiarias ou non da renda de integración social.

A diferencia das axudas e prestacións, a renda solicitada polos interesados preténdese ordinaria e periódica, a razón de 863 € persoa/mes. Trataríase, pois, dunha sorte de *“renda mínima garantida”* de carácter universal; iniciativa que ven sendo defendida desde hai anos por diversas instancias e plataformas sociais, tanto nacionais (p.ex. Asociación “Red Renta Básica”: «RRB») como internacionais (p.ex. “Basic Income Earth Network”: «BIEN»), que a conceptúan como un ingreso pagado polo Estado, como dereito de cidadanía, a cada membro de pleno dereito ou residente da sociedade, mesmo se non quere traballar de forma remunerada e independentemente de cáles poidan ser as outras posibles fontes de renda e sen importar con quén conviva.

III.3. Sobre a admisibilidade das solicitudes ó Concello de Vigo de concesión dunha renda básica social de 863 € persoa/mes:

Dedúcese petición perante esta Admón. local dunha renda básica social de 863 € por persoa e mes. A petición que se formula é clara e concreta e non precisa de mellora ou subsanación. A mesma pretendería abeirarse na situación de necesidade e/ou risco de exclusión social que en cada caso se describe e fundamentarse xuridicamente na normativa, nacional, internacional e comunitaria que se cita.

Á marxe da opinión que se manteña sobre esa *“renda mínima garantida”*, a súa contía e o seu posible financiamento e do cumprimento das formalidades legais esixidas para o exercicio do dereito de petición, o certo é que tanto a regulamentación como a determinación das contías concretas das rendas de integración ou inclusión social son materias de competencia autonómica e non municipal.

En efecto, tal como se expresa claramente na vixente L.9/1991, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social, no eido da asistencia social a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta a competencia exclusiva, segundo o disposto no Art. 27.23 do EAG en relación co Art. 148.1.20^a da CE/1978 e, en virtude dela, o Parlamento de Galicia aprobou a mencionada L.9/1991 e a Xunta de Galicia (*Consellería de Traballo e Servizos sociais*) a súa normativa de desenvolvemento (Decretos 374/1991 e 375/1991).

Na actualidade, estase a tramitar no Parlamento autonómico o proyecto da nova lei de inclusión social de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 25.04.2013 (BOPG nº 106, do 22.05.2013) e no que se prevé, entre outras novidades, a modificación dalgúns aspectos esenciais da RISGA como, por exemplo, a compatibilidade coa percepción de determinadas rendas do traballo ou o establecemento de novos tramos: persoal e familiar, de inserción e de transición ó

emprego. Tentárase, en definitiva, de configurar unha prestación “flexible” e “modular”, que pasaría a denominarse “Renda de *Inclusión Social*”.

Na Exposición de Motivos da aínda vixente L.9/1991, faise unha referencia expresa ó Ditame de 12.07.1989, do Comité Económico e Social das Comunidades Europeas sobre a “probreira extrema”, no que se popoña, a implantación, entre outras medidas, dunha “Renda mínima de inserción”. Este obxectivo pretendeu ser assumido polo lexislador autonómico mediante o establecemento da “Renda de Integración social de Galicia” (RISGA), prestación social destinada a garantir recursos económicos de subsistencia persoal ós que carezan deles mentres persistan as causas que motivaron a concesión e a acadar a súa autonomía e integración normalizada mediante un proxecto personalizado de inserción.

Deste xeito, a dia de hoxe, a RISGA combina unha prestación económica, cuxo importe determinase combinando 3 compoñentes (subsido básico, complemento por membro adicional e complemento por inserción) e un proxecto de traballo social axeitado ás circunstancias do beneficiario.

A determinación da contía concreta da RISGA, a partir da suma das contías establecidas para cada un dos tramos que a integran, corresponde en exclusiva ó lexislador autonómico.

En resume, a petición de concesión dunha renda básica social de 863 € por persoa e mes diríxese fronte a unha Administración como é o Concello de Vigo que non é a competente para establecela, existindo ademais neste momento un procedemento parlamentario en marcha directamente relacionado co concreto obxecto da petición.

O anteriormente exposto debe conducir, conforme ós Arts. 3 e 8-10 da LO 4/2001, á declaración de inadmisibilidade da mesma.

IV. RESOLUCIÓN

Polo que antecede, e de acordo coas competencias delegadas na Concelleira da Área de Política de Benestar (Resolución Alcaldía – Presidencia do 07.02.2013; BOP nº 46, do 06.03.2013),

«RESOLVO

PRIMEIRO.- Dispoñer, ó abeiro do previsto no Art. 73 da LRX-PAC e dada a súa identidade substancial, a acumulación e resolución nun único procedemento dos 92 escritos de petición presentados no Rexistro xeral municipal o 27.06.2013 solicitando a concesión por parte do Concello de Vigo dunha renda básica social de 863 € persoa/mes.

SEGUNDO.- Inadmitir, con base na LO 4/2001, do 12 de novembro, reguladora do Dereito de petición e na L.9/1991, do 2 de outubro, de medidas básicas de inserción social, as referidas peticións, por carecer o Concello de Vigo de atribucións para establecer e fixar a contía dunha renda básica social ou “renda mínima garantida” de carácter universal, ordinario e periódico como a que se demanda.

TERCEIRO.- Informar ás persoas interesadas da existencia, á marxe da RISGA e das "Axudas de Emerxencia Social" de competencia autonómica, de programas municipais de concesión de prestacións individuais non periódicas de emerxencia e do **programa de "Axudas a Familias"** que **xestiona o servizo de Participación cidadá**, destinados a apoiar, con carácter temporal e excepcional, a persoas e familias que carecen de recursos económicos suficientes para afrontar as súas necesidades básicas de alimentación, aloxamento, transporte etc.

CUARTO.- Notificar esta Resolución ós interesados, con indicación de que a mesma poderá ser obxecto de recurso contencioso-administrativo, polo procedemento de protección xurisdiccional dos dereitos fundamentais da persoa e, de ser o caso, tamén de recurso de amparo perante o Tribunal Constitucional (Art. 53.2 CE/1978, Arts. 41 e ss. LOTC, Art. 12 LO.4/2001 e Arts. 114 e ss. LRXCA).

QUINTO.- En aplicación do establecido no Art. 10 da LO.4/2001, do 12 de novembro, reguladora do Dereito de petición, darase traslado de tales peticións no prazo de 10 días á Administración autonómica (Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia), comunicándolle por escrito esta circunstancia ós peticionarios.

GRB/

